

O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais de Pontevedra, dictou a seguinte **RESOLUCION**:

ASISTENTES

PRESIDENTE

D. José Luis Díez Yáñez.
(Delegado Provincial da Consellería de Medio Ambiente).

D. Luís M^a Muiños Vidueira.
(Letrado da Asesoría Xurídica da Xunta).
D. Teodoro Arribas Serrano
(Xefe do Servicio de Montes e Industrias Forestais).

**VOCAIS REPRESENTANTES DA
PARROQUIA DE SANTA CRISTINA DE
LAVADORES DO CONCELLO DE VIGO.**

D. Abdón Escariz Vázquez.
D. José Antonio Domínguez Fernández.
D. Emilio Pazos González.
D. Manuel Rodríguez Costas.

**VOCAIS REPRESENTANTES DA
PARROQUIA DE CABRAL DO CONCELLO
DE VIGO.**

D. Calixto Escariz Vázquez.

SECRETARIA

D^a. M^a José León Gómez.
(Xefe do Servicio Técnico-Xurídico da
Delegación de Medio Ambiente).

Na cidade de Pontevedra, sendo as dezasete horas do día vinte de xuño do 2001, coa asistencia das persoas á marxe reseñadas, reúnese na 3ª planta do edificio sito no nº 47 da rúa Benito Corbal o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ó obxecto de decidir sobre a clasificación dos montes da parroquia de Santa Cristina de Lavadores do concello de Vigo.

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Por D. Jerónimo Escariz Vázquez, solicitouse en data 07/04/92, a iniciación dos trámites para a clasificación como veciñais en man común de varios montes sitios na parroquia de Santa Cristina de Lavadores do concello de Vigo.

SEGUNDO.- O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais na súa reunión de data 23/07/92 acordou iniciar os trámites para a clasificación do monte Meixoeiro,

pertencente á parroquia de Lavadores, así como a remisión do expediente ó Servicio de Montes e Industrias Forestais da entóns Delegación Provincial de Agricultura, Gandería e Montes de Pontevedra para o seu estudo e informe.

TERCEIRO.- En sesión de data 22/07/98, o Xurado adoptou o acordo de nomear a D. Serafín Quinteiro Blanco Ponente do expediente de clasificación.

CUARTA.- Cumprida e observada a tramitación legal e regulamentariamente esixida, no preceptivo trámite de audiencia presentouse unicamente a Comunidade de montes veciñais en man común de Cabral por problemas de lindes entre parroquias, problema que quedou resolto pola acta de deslinde entre ámbalas dúas parroquias presentada o 15 de setembro do 2000.

QUINTO.- Por acordo do Xurado na reunión celebrada en data 29/11/00, e como consecuencia do cese a petición propia do Ponente nomeado, noméase novo Ponente a D. Teodoro Arribas Serrano.

SEXTO.- Visto o informe preceptivo do Servicio de Montes e Industrias Forestais, e efectuada visita ó terreo, os montes con aproveitamento veciñal da parroquia de Santa Cristina de Lavadores redúcense ós seguintes:

NOME DO MONTE: "Lavadores Norte".

CABIDA: 0,40 Has. aproximadamente.

LINDES:

NORTE: Estrada local e camiño veciñal.

SUR: Centro de Formación Profesional Paz Andrade.

LESTE: Estrada vella de Madrid.

OESTE: Camiño e Centro de Formación Profesional Paz Andrade.

NOME DO MONTE: "Lavadores Sur".

CABIDA: 2,40 Has. aproximadamente.

LINDES:

NORTE: Encrucillada das estradas vellas de Madrid e de Fontiñas.

SUR: Campo de fútbol municipal.

LESTE: Estrada de Fontiñas, desguaces Mingos e parroquia de Cabral.

OESTE: Centro Formación Profesional Ricardo Mella e estrada vella de Madrid.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1.- O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ten a competencia para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter a tenor do establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

2.- Trátase de dúas parcelas ben delimitadas, que os vecinos declaran vir aproveitando desde tempo inmemorial, consuetudinariamente en réxime de comunidade.

3.- De conformidade co establecido no artigo 1 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, así como no artigo 1 do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, cómpre entender por montes veciñais en man común "... os terreos radicados na Comunidade Autónoma de Galicia que, con independencia da súa orixe, as súas posibilidades productivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria, pertencen a agrupacións veciñais na súa cualidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e os veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade, sen asignación de cuotas, os membros daquelas na súa condición de veciños".

Así, según abondosa xurisprudencia, o feito que xustifica a clasificación ou non como veciñal dun determinado monte, en vía administrativa, é a circunstancia de terse ou non demostrado o aproveitamento veciñal de feito de dito monte por parte dos vecinos. No presente caso, toda vez que no informe preceptivo realizado polo técnico competente, maniféstase a realidade de dito aproveitamento veciñal, queda así efectivamente acreditado que ámbolos dous montes cumpren suficientemente o recollido no artigo 1 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, proponiéndose a súa clasificación con tal carácter.

En consecuencia, vista a Lei galega 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, e o seu Regulamento aprobado por Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e demais preceptos legais e regulamentarios de xenérica e específica aplicación ó caso examinado, próponse polo Instructor e de maneira unánime o Xurado **ACORDA**:

Clasificar como veciñais en man común a favor dos veciños da parroquia de Santa Cristina de Lavadores do concello de Vigo os montes "Lavadores Norte" e "Lavadores Sur" por terse demostrado, no curso do expediente, o aproveitamento veciñal de feito en réxime de comunidade sen asignación de cuotas polos vecinos da parroquia e reunir os requisitos establecidos no artigo 1 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, correspondéndose coa planimetría elaborada ó efecto polo Servicio de Montes e Industrias Forestais que forma parte inseparable da presente Resolución, e de acordo coa descripción, cabida e lindes sinalada no antecedente de feito sexto.

Por parte dos representantes da parroquia de Lavadores manifestase a súa disconformidade coa clasificación efectuada.

Contra a presente Resolución que poñe fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición con carácter potestativo ante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ó da presente notificación, de acordo co disposto nos artigos 109 e 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento Administrativo Común, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.



L. de Pontevedra


José Domínguez

M. Rodríguez

[Signature]

[Signature]

**CLASIFICACION DOS MONTES NOMEADOS "LAVADORES NORTE"
E "LAVADORES SUR", COMO MONTES VECIÑAIS EN MAN COMUN
DOS VECIÑOS DE SANTA CRISTINA DE LAVADORES, CONCELLO
DE VIGO (PONTEVEDRA).**




SITUACIÓN

**PLANO Nº 1
SITUACIÓN
ESCALA 1 : 25.000
PONTEVEDRA, 20 DE XUÑO DO 2001**

CLASIFICACION DOS MONTES NOMEADOS "LAVADORES NORTE"
E "LAVADORES SUR", COMO MONTES VECINAIS EN MAN COMUN
DOS VECIÑOS DE SANTA CRISTINA DE LAVADORES, COCELLO
DE VIGO (PONTEVEDRA).

PLANO Nº 2
PLANTA XERAL
ESCALA 1 : 5.000
PONTEVEDRA, 20 DE XUÑO DO 2.001



1. MONTE LAVADORES NORTE
CABIDA APROX. = 0,40 Has.

2. MONTE LAVADORES SUR
CABIDA APROX. = 2,40 Has.

SABANAS

LA RIEIRA